

Título: *Los conflictos escolares desde la perspectiva familiar*

Autora: HERNÁNDEZ PRADOS, María Ángeles

Cualificación: Sobresaliente *cum laude*

Ano de defensa pública: 2004

Universidade: Universidade de Murcia

1. INTRODUCCIÓN

O problema dos conflitos escolares mal xestionados, independentemente do seu grao de incidencia, é unha realidade que dana a convivencia e contamina as relacións interpersoais entre alumnos, entre profesor-alumno, entre alumno-pais, e entre pais-profesores. Cada día máis, a sociedade vai tomando conciencia deste problema educativo, ata o punto de que falar de violencia escolar non constitúe ningunha novidade, senón unha realidade que preocupa á totalidade da comunidade educativa. Sen dúbida, o feito de que os medios de comunicación se fixesen eco dos enfrontamentos máis ou menos espectaculares que transcenden pola súa excepcionalidade, poñéndoos en boca de todos, contribuíu á aguda sensibilización social que existe cara a este problema, pero tamén contribuíu a percibir, erroneamente, o conflito como sinónimo de violencia.

O conflito entendido como o enfrontamento de ideas, intereses, crenzas, valores entre dúas ou máis persoas pode ser xestionado polas persoas que se atopan implicadas nel de diversas maneiras. O ser humano dispón de todo un abano de posibilidades de actuación, superando as limitacións da súa propia bioloxía. Neste sentido, dende a perspectiva dos valores, o conxunto de condutas que poden desempeñar as persoas pode ser cualificado como axeitado ou inadecuado para a xestión dos conflitos. Entre as respostas inadecuadas que os alumnos adoitan darlles aos conflitos escolares detectáronse na investigación respostas pasivas de fuxida, de non intervención, de deixar pasar o tempo, de saír correndo, de ignoralo, etc., aínda que tamén hai respostas activas inadecuadas como a agresión física, verbal ou en forma de ameaza. É dicir, respóndese violentamente ao conflito. Por outra parte, como respostas axeitadas para xestionar o conflito rexistráronse, entre outras, as condutas dialóxicas, a mediación por iniciativa propia e por iniciativa dos demais, condutas asertivas, recoñecer os erros e pedir perdón.

O verdadeiro problema non radica no conflito, xa que este debe entenderse como un elemento positivo propio das relacións interpersoais que favorece a adquisición de certas capacidades e o desenvolvemento madurativo do individuo. Pola contra, é a violencia escolar a que debe evitarse, rexeitarse, erradicarse de forma conxunta por toda a comunidade escolar. Non obstante, o problema de xes-

tionar inadecuadamente os conflitos recorrendo á violencia non é algo novo nin exclusivo dos centros escolares, máis ben se trata dun problema social que se manifesta en diversos ámbitos (familia, escola, empresas, etc.). Os sinais de identidade da sociedade na que vivimos, caracterizada polo individualismo, pola supremacía do desenvolvemento tecnolóxico, polas rutinas, polo desatino, polo desexo de poder, a ideoloxía *Carpe diem* de vivir o presente, etc. favorecen a manifestación de condutas violentas.

2. ESTRUCTURA E METODOLOXÍA

O aspecto central deste estudo non é tanto detectar o grao de incidencia e o tipo de condutas que presentan os alumnos, senón máis ben detectar a análise dos factores que se atopan na base dos conflitos, en xeral, e dos conflitos xestionados a través da violencia, en particular (dinámicas *bullying*). As causas deste tipo de conduta son diversas, xa que estamos ante un fenómeno multicausal. De todas elas, ímonos centrar especialmente na análise das variables familiares por diversos motivos.

En primeiro lugar, por ser unha das causas da conflitividade menos estudadas, tratando de rescatar a atención e importancia da familia na xénese do comportamento humano e, máis concretamente, nas condutas desviadas. A maioría das investigacións e escritos de conflitividade escolar destacan a familia como unha das variables que interveñen na orixe destes sucesos. Non obstante, obsérvase, por un lado, que os estudos se centran principalmente nas dinámicas *bullying* máis que na conflitividade escolar; e por outro, que a atención que se lles presta ás variables familiares é menor que ás variables persoais, de relación e escolares.

En segundo lugar, porque a conduta escolar, en xeral, e, máis especificamente, a conduta conflitiva non pode ser explicada simplemente dende variables escolares, xa que se trata dunha cuestión de valores que existe necesariamente o estudo da familia como hábitat natural para a súa apropiación.

En terceiro lugar, consideramos esencial que os docentes coñezan os aspectos familiares que inciden nestas condutas, non para que poidan culpabilizar aos pais como únicos responsables nestas, senón para poder favorecer unha intervención máis eficaz na que se fai necesario que ambas as dúas (familia e escola) adopten o compromiso de educar na xestión positiva dos conflitos, actuando dende o diálogo e non dende a violencia.

Partindo da premisa de que nas familias nas que se vive un clima de conflitividade intrafamiliar se favorece a predisposición dos nenos a xerar conflitividade escolar, a hipótese de partida que articula este traballo é: ¿que influencia teñen as variables familiares asociadas á conflitividade familiar no fenómeno dos

conflitos escolares? De xeito que a finalidade desta tese non é outra que a de identificar que aspectos familiares dos contemplados no deseño metodolóxico aparecen vinculados significativamente á problemática de conflictividade familiar, e comprobar se estes inciden, pola súa vez, nos conflitos escolares e na mala xestión destes, derivando en situacións de maltrato entre iguais.

A investigación levada a cabo consta de oito capítulos recollidos en tres partes claramente diferenciadas. O primeiro deles fai referencia ao marco teórico que fundamenta a investigación. Esta parte está composta polos catro primeiros capítulos da tese. O primeiro capítulo “Conflictividade, violencia, agresividade e disciplina escolar. Delimitación conceptual” ten un grande interese para toda a comunidade educativa e estudosos da educación, pois ofrece unha rigorosa e minuciosa análise dos termos que comunmente se prestan a confusión nesta problemática escolar. En cada un destes termos analizouse non só a súa definición e características, senón tamén as ideas preconcebidas (mitos) que sustentan unha percepción equivocada levándoos a confundilos entre si. Cómpre destacar a confusión existente entre violencia e agresividade, entre violencia e conflitos escolares, así como a confusión entre condutas indisciplinadas e conflictividade escolar. Considerouse necesario analizar todos estes termos no primeiro capítulo para delimitar e clarificar o problema obxecto de estudo. Este traballo céntrase na análise dos conflitos escolares entendidos como algo inherente ao ser humano, propio da súa natureza relacional que intenta superar as súas limitacións biolóxicas. É necesario non demonizar o conflito como se de violencia se tratase, pois o conflito é positivo e favorece aprendizaxes valiosas para as persoas. Non obstante, tamén se contemplan na investigación condutas violentas, entendidas estas como o resultado dunha educación inadecuada que non facilitou a aprendizaxe de respostas pacíficas para xestionar o conflito.

Unha vez que xa definimos o obxecto da nosa investigación, faise necesario coñecer que se fixo ao respecto. No segundo capítulo contéplase a análise da “Situación actual da violencia e os conflitos na escola”. Para iso, recolléronse as principais investigacións europeas centradas nesta temática (Países Escandinavos, Reino Unido, Inglaterra, Irlanda, Alemaña, Francia, Holanda, Italia, Portugal e España), así como as investigacións realizadas no panorama español, xa que é o contexto no que se enmarca esta investigación.

A pesar da imposibilidade de comparar estudos diferentes metodoloxicamente, observouse nas investigacións contempladas unha serie de tendencias ou coincidencias. As tendencias en Europa con respecto ao grao de incidencia, ao xénero dos alumnos violentos, ao nivel educativo, á idade, aos tipos de agresión máis comúns, aos lugares de maior risco, así como a negativa a facer públicos

estes sucesos, son similares ás que se producen en España. Neste capítulo preséntanse datos estatísticos dos distintos países europeos que foron comentados brevemente, mentres que a situación actual da violencia escolar en España se analiza con maior profundidade.

Dado que esta investigación se inicia co obxectivo principal de coñecer as causas familiares que determinan os conflitos escolares, viuse a necesidade de delimitar o marco teórico á análise dos “Factores que inciden na orixe dos conflitos escolares”. Defendemos que os conflitos e a violencia escolar teñen unha orixe multifactorial. Por iso, no terceiro capítulo da tese estudáronse os distintos factores que inflúen nestes sucesos. Concretamente, afondouse na incidencia de factores sociais como o individualismo imperante, supremacía da razón instrumental, a globalización, perda de tradicións e raíces, excesivo consumismo, influencia do económico e do consumo de drogas, algunhas tendencias políticas que favorecen estes métodos violentos e, en xeral, a implantación dunha cultura de violencia fronte a unha cultura de paz. Tamén se estudou a incidencia dos medios de comunicación na orixe dos conflitos escolares, así como as características dos centros educativos que poden estar a favorecer a aparición destas situacións que tanto danan a convivencia (aspectos lexislativos, organizativos, estruturais, clima escolar, e o profesorado e a súa docencia). Por outro lado, afondouse no papel que as relacións interpersonais que o alumno establece dentro da aula teñen na orixe dos conflitos escolares, centrándose, sobre todo, no grupo de iguais. Por último, contempláronse as características persoais implicadas na manifestación de condutas violentas e situacións de conflictividade escolar.

Os factores familiares foron analizados nun capítulo á parte que leva por título “A familia e o seu papel nos conflitos escolares”, xa que, de todas as causas que interveñen neste problema, nos centramos nesta tese na análise das variables familiares. Neste capítulo concíbese a familia como institución social na que se establecen unha serie de relacións afectivas entre os membros que a compoñen. A familia experimentou unha serie de cambios que, en maior ou menor medida, están a incidir non só na súa composición (diversidade de modelos familiares) senón tamén nas súas dinámicas internas (estilos educativos, clima familiar, pautas para garantir a disciplina familiar, relacións pais e fillos, etc.). Parece que, actualmente, a familia está a pasar por unha etapa de tránsito, que se atopa en terra de ninguén, delegou as súas funcións máis básicas a outras institucións (transmisión de valores) e tende a producirse un abandono educativo, e, en ocasións, emocional, do neno. Baixo este panorama familiar, os pais, quizais inconscientemente, educan os seus fillos na xestión inadecuada do conflito. Neste sentido, recolléronse da consulta das fontes bibliográficas, os aspectos familiares relacionados coa orixe da conflictivida-

de escolar diferenciando, por un lado, entre as variables asociadas á estrutura e composición familiar (tipo de familia, número de membros, vivenda familiar, nivel socioeconómico, etc.) e, por outro, entre as variables propias da educación familiar (os valores familiares, tipo de estilo educativo que empregan predominantemente os pais para o mantemento da disciplina familiar e clima familiar).

A segunda parte do noso traballo contempla todo o estudo empírico da investigación, dende o marco de deseño metodolóxico, pasando pola análise da realidade familiar e escolar, ata o tratamento estatístico para verificar ou rexeitar as hipóteses de investigación formuladas. Todo isto foi abordado en tres amplos capítulos da tese. No que se refire ao deseño metodolóxico da tese (capítulo cinco) delimitouse o problema de investigación analizando as fontes de interese das que xorde o problema, así como os elementos que nos permiten afirmar que se trata dun problema de investigación susceptible de ser abordado. Estamos ante unha tese descritiva na que se empregaron dous instrumentos de recollida de información: o cuestionario de relacións interpersoais familiares e escolares (REFE), elaborado polo grupo de investigación de actitudes e valores da universidade de Murcia; e o cuestionario sobre a percepción que os alumnos teñen da violencia escolar e as dinámicas de agresión-vitimización (Bull-Sociograma), resultado dunha combinación dos ítems do cuestionario Bull de Cerezo e o sociograma de Díaz-Aguado, empregado para a análise de condutas problemáticas. Ademais, expóñense todas as fases de realización da tese, as limitacións atopadas, a identificación das variables, así como o seu proceso de codificación e o seu posterior tratamento estatístico.

3. OBXECTIVOS

1. Describir aspectos básicos da situación familiar dos alumnos, a partir da valoración que realizan desta (capítulo sexto). Grazas ao cuestionario REFE, púidose afondar nun maior coñecemento da situación familiar, para iso empregáronse cuestións pechadas e cuestións abertas que completan a análise cuantitativa con toda unha serie de datos cualitativos que o enriquecen.

En canto aos aspectos estruturais das familias, púxose de manifesto que o número de alumnos da mostra que pertencen a familias monoparentais representa unha porcentaxe significativa, superior á media nacional; que efectivamente a redución do número de fillos se fai patente nas aulas nas que aumentan os alumnos que son fillos únicos, aínda que o que predomina é ter un irmán ou dous; e que nas familias nas que convive outro familiar adulto non proxenitor adoita predominar maioritariamente a figura da avoa e do avó.

Con respecto ás dinámicas educativo-familiares, os resultados desvelan que a maioría se sente ben na casa, a pesar de que o 90% describe situacións de conflitividade familiar; o tipo de conflito familiar que predomina é aquel que xorde entre pais e fillos e entre os motivos que se expoñen son, basicamente, desobediencia, obediencia forzada (desconformidade), por cuestións académicas, condutas non desexadas, e polo uso de distintos medios de comunicación (televisión, consola, teléfono...); a maioría ten responsabilidades familiares que asumir entre as que predominan as responsabilidades compartidas fronte ás individuais; ademais, adoitan confundir as normas familiares coas responsabilidades, diferenciando basicamente entre dúas normas: as referidas á organización familiar e as referidas á regulación do comportamento. Por outra banda, as relacións entre pais e fillos mostran que hai maior confianza na figura materna que na paterna; que a maioría dos alumnos se senten acollidos polos seus pais, aínda que hai unha alta porcentaxe de alumnos que sinalan que os seus pais só se ocupan de ofrecerlles o necesario para vivir (35%) e un 8% que se sente como mobles; que maioritariamente os alumnos son criados baixo un diálogo familiar axeitado e de calidade, fronte ao 26% que apenas dialogan cos seus pais; ademais, os resultados sinalan que o 20% dos alumnos non perciben expectativas dos seus pais.

2. Analizar aspectos da conflitividade escolar, a partir da valoración que os alumnos fan desta (capítulo sexto). Ao igual que no contexto familiar, os alumnos séntense ben nos seus colexios, cren que son seguros, a pesar de que a maioría se viu implicado nalgunha ocasión en situacións conflitivas que non sempre se resolveron pacificamente e o 25% vese implicado en condutas violentas con bastante asiduidade. A maioría dos alumnos sabe xestionar pacificamente o conflito escolar, mentres que o 33% o xestiona inadecuadamente. Non obstante, a incidencia das agresións é bastante elevada, aínda que adoitan ser consideradas como pouco graves, predominando as agresións verbais (65%) fronte ao maltrato físico. O patio de recreo é considerado o lugar de máximo risco no que se producen a maioría das agresións. Por outra parte, a pesar de que defendemos que a conduta violenta non pode ser xustificada baixo ningún concepto, os resultados desvelan que unha porcentaxe maioritaria dos alumnos afirma que se pode recorrer á violencia como mecanismo de defensa.

Analízanse tamén todas as dinámicas sociométricas das relacións interpersoais da aula, podendo comprobar que, a pesar de que a maioría se definen como persoas sociables cun elevado número de amigos, isto non é incompatible con sentirse rexeitado algunha vez (50%), aínda que son moitos menos os que presentan un rexeitamento severo. Tamén se rexistrou un número elevado de alumnos que

cumpren con algún dos trazos do perfil de agresor ou de vítima, pero moi poucos sobresaen significativamente en todos eles, podendo considerarse realmente como alumnos implicados nas dinámicas de agresión-vitimización (*bullying*). Detéctanse tamén os alumnos que presentan condutas favorables ou desfavorables para a convivencia escolar, como por exemplo: levarse mal cos profesores, capacidade de comprender os demais, linguaxe ofensiva, capacidade de axudar os demais, dificultades comunicativas, ter envexa, sentirse superiores, chamar sempre a atención, etc.

3. Identificar que variables da realidade familiar teñen relación coa presenza de conflitos na familia (capítulo 7). De todos os aspectos familiares que se contemplan na investigación son as variables asociadas ao clima familiar e ás relacións entre pais e fillos as que se vinculan significativamente coa conflictividade intrafamiliar. De modo que, independentemente do tipo de familias, os nenos adoitan presentar situacións de conflictividade familiar. Concretamente, a presenza de conflitos na familia, sobre todo os conflitos entre pais e fillos e a súa xestión inadecuada inflúe agravando a situación de conflictividade e promovendo a aparición de novos conflitos. Por outra parte, a percepción que os alumnos teñen das expectativas dos pais, especialmente as relacionadas cun comportamento desexable nos nenos, son de grande utilidade na prevención de situacións conflictivas mal xestionadas. Tamén é estatisticamente significativa a relación que os nenos manteñen cos seus pais. Agora ben, o feito de que as relacións entre pais e fillos sexan dunha auténtica acollida non impide a presenza de situacións conflictivas. Por último, con respecto ao diálogo familiar, debemos sinalar que se atopa asociado á conflictividade familiar do seguinte xeito: canto máis e mellor se dialogue na casa, favorecendo a liberdade de expresión de todos os membros que compoñen a unidade familiar, maior probabilidade hai de que xurdan novos conflitos.

4. Coñecer se as variables familiares asociadas á conflictividade familiar están relacionadas coa situación de conflictividade escolar (capítulo 7). Para tratar de verificar esta hipótese estableceuse a relación entre cada unha destas variables familiares asociadas á conflictividade na vida intrafamiliar coa conflictividade escolar, observándose que todas elas manteñen unha relación significativa coa maioría das variables de conflictividade escolar. Non obstante, atópanse máis implicadas na presenza de conflitos e no modo de xestionalos que na dinámica *bullying*. En definitiva, pódese afirmar que existe relación entre as variables que inciden na conflictividade familiar, antes sinaladas, e a conflictividade escolar.

4. CONCLUSIÓNS

A terceira parte deste traballo foi destinada á exposición das conclusións que se desprenden deste (capítulo oitavo). Dada a abundancia de resultados obtidos nesta tese, a continuación destácanse algunhas das conclusións máis importantes obtidas e remítese o lector á tese para afondar nestas se o considera de interese:

- O conflito familiar non é sinónimo de violencia familiar.
- Os conflitos familiares non se atopan asociados significativamente ás variables estruturais da familia, o que implica que non pode sosterse como premissa que as familias monoparentais, apoiándose na ausencia dun dos proxenitores, son ambientes inadecuados para o desenvolvemento dos menores.
- Un maior número de irmáns non é indicativo dunha maior presenza de conflitos entre eles.
- Rexístrase unha maior presenza de conflitos na familia que na escola. A familia entendida como lugar idóneo de acollida, aceptación e amor favorece a expresión máis pura e libre da persoa, aumentando a probabilidade de que se presencien situacións conflictivas.
- Nos centros escolares vívense situacións de conflictividade mal xestionadas que derivan en condutas violentas, en maior medida que as dinámicas *bullying*.
- A maioría dos alumnos que viven conflitos nas súas casas tamén os viven no colexio. Non obstante, a relación entre conflictividade intrafamiliar e a implicación dos alumnos en situacións violentas (*bullying*) non está tan clara.
- Os conflitos familiares son unha aprendizaxe para a xestión dos conflitos escolares. Os alumnos tenden a ter unha percepción máis axustada á realidade e a non xustificar a violencia como mecanismo de defensa.
- A percepción das expectativas dos seus pais favorece que os alumnos manteñan relacións cordiais e de amizade coa maioría dos seus compañeiros, que estean menos implicados nas rifas ou outro tipo de agresións escolares e que teñan menor probabilidade de converterse en vítimas das agresións doutros compañeiros.
- As expectativas dos pais vincúlanse tamén co tipo de xestión que o alumno realiza dos conflitos escolares.
- Os alumnos que se senten mal no colexio son maioritariamente os que manteñen relacións inadecuadas cos seus pais.
- Os alumnos que manteñen unhas relacións asistenciais cos seus pais xustifican o uso da violencia, de modo que existe maior probabilidade de converterse en agresores.

- Os alumnos cun diálogo familiar axeitado atópanse mellor integrados que os alumnos cun diálogo familiar inadecuado, ademais contribúe a que os alumnos non se vexan implicados con asiduidade en situacións de violencia escolar.

Este traballo abre novas liñas de investigación tanto na área escolar como na familiar, neste último capítulo ofrécense algunhas delas, resultado das limitacións desta investigación, da reflexión sobre os datos e das inquietudes da autora. Para finalizar, gustárame concluír esta recensión rescatando unha idea enalzada por un dos membros do tribunal e é que esta tese invita á reflexión sobre o problema da convivencia familiar e escolar, non só polo feito de tratarse dun traballo ben documentado e estruturado que lle concede o rigor dun traballo serio e de calidade, senón tamén pola linguaxe amena, sinxela e directa que nel se emprega e que o fai accesible a todo tipo de lectores.